



## EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL. CONCEPTO.

As Empresas de Inserción Laboral son un instrumento que permite á persoas en situación ou risco de exclusión sociolaboral a aprendizaxe nunha contorna laboral real, cun posto de traballo remunerado. Pero tamén son estruturas económicas que producen bens e servizos axustándose as normas do mercado.

## NATUREZA DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

### Estruturas produtivas (empresas)

Promovidas por entidades sen ánimo de lucro, que traballan na inclusión social, e que se incorporan ao mercado producindo bens ou ofrecendo servizos contratando a persoas en situación ou risco de exclusión.

### Ferramenta de inclusión social

O seu fin último non é o económico senón integrar as persoas en risco ou situación de exclusión no mercado laboral ordinario de traballo a través dun proceso temporal de aprendizaxe das habilidades sociais e laborais.

## CARACTERÍSTICAS DAS E.I.L.

### Actuacións de inserción

Deben desenvolver actuacións de inserción e de apoio personalizadas, consistentes en:

- Formación profesional
- Adquisición de hábitos sociais de traballo
- Acompañamento social

### Forma Xurídica

- Sociedades mercantís (SL, SA)
- Sociedades laborais (SLL, SAL)
- Sociedades cooperativas

### Entidades Promotoras

Poden ser promotoras de empresas de inserción laboral:

- Entidades ou corporacións de dereito público
- Entidades sen ánimo de lucro
- Fundacións

Que teñan no obxecto social a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social e a seguinte participación mínima no capital social:

- 51% para sociedades mercantís.
- 49% para sociedades laborais.
- 33% para sociedades cooperativas.

### Número mínimo de traballadores en proceso de inserción

Mínimo do 30% respecto ao total do cadro en cómputo anual, (agás os límites específicos para Sociedades cooperativas e de Sociedades laborais) e nunca menos de dous, agás nas empresas de catro ou menos traballadores que terán polo menos un traballador en inserción.



## Outros requisitos

Non ter vinculados os balances, contas de resultados e o patrimonio a actividades económicas distintas das do obxecto social

Aplicar o 100% dos resultados ou excedentes de cada exercicio económico á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción da E.I.L., ou a programas de inserción sociolaboral da promotora.

### PERSOAS SUSCEPTIBLES DE ENTRAR NA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL

A inserción sociolaboral a través das empresas de inserción laboral está dirixida a persoas desempregadas e nas que concorran un ou varios factores de exclusión dos recollidos no decreto da Xunta de Galicia 156/2007 que regula as Empresas de Inserción en Galicia.

|  |
|--|
| A discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou a enfermidade mental, en graos que dificulten pero non imposibiliten a súa inserción laboral ordinaria.  |
| A condición de persoa en proceso de rehabilitación e socialización normalizada, por proceder dunha situación de desestruturación persoal e familiar, de conflito coa contorna, ou rexeitamento social, tales como adiccións a drogas ou alcohol, prostitución, o cumprimento de penas privativas de liberdade... |
| Cargas familiares non compartidas, agravadas por outros factores ou carencias persoais ou familiares.  |
| A condición de inmigrante ou emigrante retornado, cando polas súas características ou circunstancias persoais, presenten especiais dificultades de integración no mercado laboral.   |
| A condición de persoa sen fogar.   |
| A procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores.   |
| A condición de muller vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, implique especiais dificultades de integración laboral  |
| A pertenza a determinadas minorías étnicas cando implique especiais problemas de integración laboral   |
| Calquera outro factor non previsto sempre que, ponderado polos servizos sociais no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione gravemente a súa empregabilidade  |

Poderán ser ademais beneficiarias da inserción a través dunha empresa de inserción, sempre que se demostre que se atopan en situación ou risco de exclusión social:

|  |
|--|
| As persoas beneficiarias da RISGA ou prestación equivalente e outras usuarias do Plan Galego de Inclusión Social, tamén as perceptoras de axudas a vítimas de violencia de xénero xestionadas pola Comunidade. |
| As persoas que non accedan á dita prestación por falta do período de residencia ou empadramento, características da unidade de convivencia, obriga de alimentos, idade ou tempo máximo de percepción.          |
| As persoas desempregadas inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego durante 2 anos.   |
| As persoas desempregadas durante un período superior a 12 meses maiores de 45 anos.  |
| As persoas admitidas no programa de Renda activa de inserción que o soliciten e que a criterio do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidades asociadas, requira a súa inclusión nunha E.I.L..          |

## Rexistro de Empresas de Inserción de Galicia

Depende da Xunta de Galicia e nel deben inscribirse todas as empresas de inserción laboral existentes en Galicia. <http://traballo.xunta.es/rexistro-de-empresas-de-insercion>